

The logo for Women in Games features a large, stylized white 'W' on the left, followed by the words 'WOMEN IN' on the top line and 'GAMES' on the bottom line, all in a white, sans-serif font against a solid red background.

WOMEN IN GAMES

NOTA DE PRENSA

A Coruña, 30 de Outubro de 2019

Women in Games organiza o seu terceiro evento anual na Coruña

A cita terá lugar o 12 de Novembro ás 9:00h no Salón de Actos da Facultade de Comunicación Audiovisual da Universidade da Coruña, e contará coas intervencións de Sara Álvarez Cubelos (Lead Environment Artist en Gato Studio), Eugenia Suárez Núñez (3D Artist en Gato Studio), Bárbara Martínez Solé (Environment Artist en Gato Studio) e Ana Barrós Calvete (co-fundadora de Identik3D).

O evento será de balde, e consistirá nunha serie de clases maxistras sobre cada unha das especialidades das relatoras (terreo, persoaxes, escenarios e impresión 3D, respectivamente), precedidas por un panel no que explicarán o seu traballo: en que consiste, cales son as súas responsabilidades, por que optaron por esa especialización e que estudaron para conseguilo.

A edición de 2019 está coordinada pola embaixadora local de Women in Games na Coruña, en colaboración coa Universidade da Coruña e a Facultade de Comunicación Audiovisual e patrocinada por Campus Innova, o Centro de Estudos de Xénero e Feministas (CEXEF), Gato Studio e Google.

Women in Games (WiGJ) é unha asociación internacional con sede en Londres que traballa activamente para incrementar o número de mulleres que se adican profesionalmente ao sector dos videoxogos, e do que na actualidade conforman tan só en torno a un 20%.

En Marzo de 2017, WiGJ, en colaboración con Google, lanzou o Programa de Embaixadores de Women in Games. A dirección da asociación nombrou a 40 personas chave (número que na actualidade acada xa as 114), distribuídas ao longo de máis de 10 países, co obxecto de que traballen localmente para promover os obxetivos da asociación na súa contorna máis inmediata, a través do desenvolvemento de eventos, congresos, charlas, mesas redondas, obradoiros, etc. destinados a un público mixto, pero con especial interese nas mulleres que xa traballan na industria ou que están interesadas en facelo.

Para máis información:

María Fernández Hermida – Embaixadora de Women in Games (WiGJ)
mariafernandezhermida@gmail.com